

## Presentación

Pero este libro non é só unha homenaxe. Tamén é a presentación do **Festival Retrouso** deste ano, que xa é o terceiro. Como sempre, celebrarase no adro de Cela na noiteña do sábado 3 de agosto de 2002.

Nesta ocasión temos como invitados dous grupos de baile e un grupo de música tradicional galega. No apartado do baile, á parte de nós, van actuar "**Trompos Os Pés**" e mais "**Froles Mareliñas**". O grupo folk será o de "**Os Carunchos**".

"**Trompos Os Pés**" é unha asociación de Marín cunha consolidada escola tradicional e moitos anos de traxectoria co seu grupo de baile. Xa nesta temporda viaxaron ata Cáceres e Portugal pra presumir de cultura.

"**Froles Mareliñas**" vén de Chapela, en Redondela, e tampouco son nada novos neste mundoño. O primeiro contacto que tivemos con estas mozas e mozos foi na actuación das súas pandeireiras na Festa do Viño Tintafemia do ano pasado. Tras do concerto sacaron gaitas e acordeóns e puxérone a bailar. Prometen festa.

E pra remata-lo festival acompañarános "**Os Carunchos**". Un grupo de música folk galega que vén de saca-lo seu segundo traballo discográfico e que leva máis de dez anos percorrendo as terras de Galicia incitando á farra e á foliada. Son da zona de Vigo. Contan con pandeiretas, bombo, tamboril, frautas, unha zanfona, gaitas e voz, tanto feminina como masculina. O seu primeiro disco, *Ala, que vai!*, foi un grande éxito tanto pola súa vitalidade como pola súa mestura de melodías tradicionais con corrosivas letras actuais, feitas ó xeito dos antigos. Un grupo pra dar palmas, rir e bailar sen parar.



**NOUTRORA**  
INFORMÁTICA

AV. PAZOS FONTENLA, 64 , BUEU  
TFNO. 986 322 542  
[www.noutrora.com](http://www.noutrora.com)

**Alfredo**  
**García Castro**



MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN  
ALMACEN Y EXPOSICIÓN

Ramón Barres 72 BUEU Telf. 986 324 290